

*Como é ben sabido, o plano de xestión do lixo da Xunta, concretado a través da empresa SOGAMA cosntituida pola Xunta e FENOSA, foi aprobado en xaneiro de 1992. Nese primeiro documento manexaba-se a cifra de 34 instalacións destinadas a facilitar o transporte do lixo até un único punto do país: Cerceda. Estas instalacións recibían o nome de **Estacións de Transferencia (ET)***

*nuns casos, e de Peiraos de Trasferencia, noutros. Mais tarde, en modificacións posteriores pasaría-se a falar de tan só 8 ET en 1996, cando non estaba prevista ningunha para a Mariña luguesa, ás 18 actuais, a situar en diferentes puntos de Galiza aínda sen identificar pola Xunta. As localizacións previstas varían dun momento a outro.*

Os conflitos que tiveron lugar en Guixar onde se instalou o que polo momento é a única destas plantas en funcionamento, acuñaron o nome de EMPACADORA, non sen certa razón, pois nelas o lixo é transferido desde os camións de recollida ordinarios para uns contentores de maior capacidade (uns 20 m<sup>3</sup>), aplicando unha certa compactación que fai aumentar a capacidade en toneladas deses contentores.

Por tanto, a finalidade destas “empacadoras” é facilitar o transporte e reducir os elevados custos que o plano SOGAMA acusa por este motivo. Pero, cales son os aspectos negativos e perxucios destas empacadoras?. A xusgar pola oposición que suscitaron en Guixar primeiro, e despois en Vilaboa, xusto ao outro lado da ponte de Rande, pero tamén no Salnés ou en Silleda, semella que poden causar graves problemas tanto de tipo ambiental como incidindo negativamente sobre o valor dos solares e a calidade de vida nas súas inmediacións.

En primeiro lugar, hai que dicir que as empacadoras son o primeiro eslabón dunha cadea destinada a incinerar o lixo, e a contaminación das incineradoras é un dos principais problemas ambientais e de saúde co que nos atopamos hoxe. Pero o verdadeiro desencadeante da oposición veciñal contra estas instalacións son os agravios comparativos que o modelo centralizado de xestión do lixo elexido pola Xunta supón.

Por outro lado, non menos importante é a problemática ambiental que unha instalación deste tipo pode causar. O impacto ambiental dunha estación de transferencia pode considerarse similar ao dun vertedeiro controlado de lixo sen tratamento previo. O impacto é permanente e afecta tanto ao solo como á atmósfera e ás augas. A incidencia sobre a calidade ambiental será inmediata á posta en funcionamento da instalación, e continuará por todo o tempo de operación, en principio de 25 anos, pero que podería ser indefinido.

Fundamentalmente, haberá problemas de ruidos, lixo volante e cheiros. As necesidades de

transporte fan que en xeral haxa unha maior proximidade ás vivendas que no caso dos vertedeiros, e por tanto maiores moléstias por ruidos, lixo volante, pó e tráfico de camións. Tamén aparecerán lixiviados, que poden dar lugar a vertidos residuais altamente contaminantes.

Hai aspectos dos proxectos de empacadoras elaborados por SOGAMA que poñen de manifesto a despreocupación desta empresa polo medio ambiente e pola saúde da poboación. A modo de exemplo, prevé-se a cloración das augas residuais das empacadoras, o que creará un importante foco de contaminación adicional, con xeneración de organoclorados e dioxinas. Este sistema de tratamento para augas suxas pode considerarse non só en desuso, senon practicamente prohibido na maioría dos países.

Por último, temos que ter en conta a experiencia de Guixar e de Cerceda, que nos indican con claridade que existe unha total ausencia de medidas de redución do impacto ambiental se a poboación non as exige de forma drástica e radical. En Guixar, as protestas levaron a que SOGAMA realizara inversións adicionais, pechando totalmente a instalación e realizando unha limpeza continuada das inmediacións. Desta forma, o orzamento da empacadora de Guixar ascendeu a 675 millóns de Ptas. Hoxe SOGAMA contempla instalar 18 empacadoras por só 2302 millóns de ptas. Unha empacadora similar á de Guixar costaría hoxe só un terceira parte do que lle custou hai 4 anos. A razón está na rebaixa das medidas de control da contaminación.